



CURSO INTRODUTORIO

SANTIAGO DE
COMPOSTELA 2020

OUTUBRO ► 3/9/10/23/24

ORGANIZA ► COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

O ABUSO EMOCIONAL
DENTRO DO ÁMBITO DA
VIOLENCIA DE XÉNERO.
A VIOLENCIA INVISIBLE
Á VISTA

Imaxe empregada: *Orixo en común* de Juan Camilo Cerón Pérez.
Gañador do concurso de cartaces "Pola Igualdade 2017"

**En trámite a solicitude de recoñecemento de interese sanitario
pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.*

LUGAR DE CELEBRACIÓN ►	Modalidade online a través da plataforma de teleformación Moodle do COPG
DATAS - 2020 ►	OUTUBRO - 3 / 9 / 10 / 23 / 24
TOTAL DE HORAS ►	30 HORAS LECTIVAS (25 HORAS DOCENCIA A TRAVÉS DE VIDEOCONFERENCIA E 5 HORAS DE PARTICIPACIÓN EN FORO)
HORARIO WEBINAR ►	VENRES - 15.00 a 20.00 H SÁBADOS - 9.00 H / 14.00 H

COMITÉ ORGANIZADOR ►

Fátima López Rodríguez

Vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Mª Consuelo Cajide Labandeira

Representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Concepción López Martín

Representante da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Mercedes Fernández Cabana

Representante da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Rubén Villar Trencó

Coordinador do Programa "Abramos o Círculo" do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Mª Luz Losada Somoza

Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (PAPMVX) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Concepción Fernández Martínez

Representante da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Carlos Montes Piñeiro

Representante da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Cristina García Núñez

Grupo de Traballo dos CIM's do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Andrea Rodríguez Freire

Representante do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PREZO



Gratuito.

DIRIXIDO A



- **Psicólogos e psicólogas colexiadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**


OBXECTIVOS



XERAIS ► Esta formación está encamiñada a facilitar unha formación básica e especializada en xénero, violencia de xénero e perspectiva de xénero. O obxectivo é proporcionar a integración dunha mirada de xénero que nos permita superar a iniquidade (desigualdades innecesarias, evitables e inxustas) desde a nosa vida e o noso ámbito profesional e deste modo atender ao carácter ético asociado coa xustiza social e DD. HH.

ESPECÍFICOS ►

- Sensibilizar os e as profesionais sobre a magnitude, a gravidade e o impacto da violencia de xénero na saúde.
- Optimizar a prevención, a detección e a atención dos efectos da violencia de xénero.
- Adecuar a actuación profesional á demanda e o momento do proceso de violencia no que se atopan as persoas afectadas.
- Mellorar os circuitos de coordinación e derivación entre os diferentes niveis de atención sanitaria e cos recursos comunitarios, para dar cobertura ás diferentes persoas afectadas por esta situación.
- Ofrecer unha serie de recomendacións, en referencia á abordaxe cos homes que exercen violencia, para mellorar a detección precoz, o tratamento e/ou a derivación a servizos especializados.



A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, ao amparo do Proxecto de Estado contra a Violencia de Xénero, en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, consideran imprescindible ofrecer unha formación específica en materia de xénero.

A formación en materia de xénero é esencial para prever, detectar e intervir nas situacións de violencia de xénero, pero tamén en todos os trastornos de saúde mental nos que incide a construción social de xénero, con todas as súas implicacións (expectativas, roles, estereotipos de xénero).

As boas prácticas en materia de xénero contribúen a unha mellor atención á saúde mental das mulleres e dos menores e, por tanto, a mellorar a súa saúde dun modo integral, repercutindo isto de xeito moi positivo na comunidade.

Esta formación sobre "O abuso emocional dentro do ámbito da violencia de xénero. A violencia invisible á vista" será impartida en modalidade online a través da plataforma de teleformación Moodle do COPG. Trátase da segunda edición das seguintes edicións que virán co fin de facilitar a capacitación básica necesaria para a prevención/detección e intervención desde unha ollada de xénero que permita a conceptualización máis completa e acertada, dos síntomas/reaccións emocionais e psicolóxicos que poidan presentar as mulleres e os/as menores.


Todos os módulos levaranse a cabo de modo online e na medida do posible terán un carácter teórico-práctico. Facilitáselles aos/ás asistentes o material complementario que o/a docente estime oportuno (documentos, lecturas, etc. que complementarán os temas propostos, así como o material de avaliación).



A metodoloxía de aprendizaxe será a seguinte:

- Entregaranse os contidos teóricos que elabora o/a docente ao inicio da fase online. Así mesmo, entregaranse un conxunto de lecturas complementarias.
- Realizarase un foro de debate ligado aos temas tratados nas leccións. Os/as asistentes participarán no foro de cada módulo, reflexionando, achegando inquietudes, etc.
- Facilitase un foro de consultas relativo ás materias de cada curso.
- A avaliación da aprendizaxe realizarase mediante as intervencións no foro de debate, a realización do cuestionario e o desenvolvemento dos exercicios de reflexión ou análises de casos.





Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo copia do boletín de inscrición ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico, correo postal ou fax.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envialas cando se empregue ese medio:


Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión:

Ao finalizar a actividade entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das horas formativas e a cumprimentación das avaliacións correspondentes a cada módulo.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais.

Último día de inscrición – **28 de setembro de 2020.**

MÓDULO 1



CONCEPTUALIZACIÓN DO ABUSO EMOCIONAL [5 horas]

Data ► **Sábado 3 de outubro de 2020.**


Docente ► **Álvaro Rodríguez Carballeira**

Coordinador/a ► **Carlos Montes Piñeiro**

Foro ► **Entre o domingo 4 e o xoves 8 de outubro estará dispoñible o foro para consultas e dúbidas en relación ao módulo 1.**

Avaliación ► **Entre o domingo 4 e o xoves 8 de outubro deberase cumprimentar a avaliación tipo test correspondente ao módulo 1 para o acceso á documentación do módulo 2.**

MÓDULO 2



DETECCIÓN E IDENTIFICACIÓN DO ABUSO EMOCIONAL [10 horas].

2.1. **EN MENORES E ADOLESCENTES.** [2,5 horas]


2.2. **A FIGURA DO ABUSADOR.** [2,5 horas]

Data ► **Venres 9 de outubro de 2020.**

Docente ► **Ricardo Fandiño Pascual**

Coordinador/a ► **Concepción Fernández Martínez**

MÓDULO 2



2.3. EN ADULTAS. (5 horas)

Data ▶ Sábado 10 de outubro de 2020.


Docente ▶ Montserrat Plaza Aleu

Coordinador/a ▶ Consuelo Cajide Labandeira

Foro ▶ Entre o domingo 11 e o xoves 15 de outubro estará dispoñible o foro para consultas e dúbidas en relación ao módulo 2.

Avaliación ▶ Entre o domingo 11 e o xoves 15 de outubro deberase cumprimentar a avaliación tipo test correspondente ao módulo 2 para o acceso á documentación do módulo 3.

MÓDULO 3



BOAS PRÁCTICAS NA INTERVENCIÓN: RECURSOS DE INTERVENCIÓN, DIFICULTADES COMO PROFESIONAIS. (10 horas).


Datas ▶ Venres 23 e sábado 24 de outubro de 2020.

Docente ▶ Montserrat Plaza Aleu

Coordinador/a ▶ Sandra María Fernández Román e Cristina García Núñez

Foro ▶ Entre o domingo 25 e o sábado 31 de outubro estará dispoñible o foro para consultas e dúbidas en relación ao módulo 3.

Avaliación ▶ Entre o domingo 25 e o sábado 31 de outubro deberase cumprimentar a avaliación tipo test correspondente ao módulo 3.



ACCESO Á PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN.

Desde o sábado 3 de outubro ata o 1 de novembro de 2020, ambos incluídos, estará dispoñible o acceso á plataforma de teleformación de Moodle do COPG para a descarga do material correspondente á formación e a realización das avaliacións.

DOCENTES



ÁLVARO RODRÍGUEZ CARBALLEIRA

Catedrático de Psicoloxía Social e Xurídica na Universitat de Barcelona. Dirixe o grupo "Invictus Investigación" que estuda principalmente a psicoloxía da influencia, o acoso e a violencia psicolóxica, ben sexa para o sometemento, como no seo da parella ou de grupos abusivos (seitas), ou ben para a exclusión, como no ambiente laboral (*mobbing*) ou no terrorismo de persecución. Autor e coautor de máis dun cento de publicacións científicas, en 2011 recibiu o premio Margaret Singer for Advancing the Understanding of Coercive Persuasion and Undue Influence. É coordinador do programa de doutorado de "Psicoloxía Social e das Organizacións" e do grupo de innovación docente consolidado en Psicoloxía Social (UB). É vogal da Sociedad Científica Española de Psicología Social (SCEPS).

RICARDO FANDIÑO PASCUAL, G-1955

Psicólogo especialista en Psicoloxía Clínica. Presidente de ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e a Adolescencia). Máster universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social (UVigo) e en Sexoloxía e Educación Social (UAH). Traballa con adolescentes nos ámbitos da investigación, prevención e intervención tanto na clínica como en institucións. Coautor do libro *La lucha sexual de los adolescentes en la hipermodernidad* (UOC, 2018).

MONTSERRAT PLAZA ALEU

Doutora en Psicoloxía Social especializada en violencias machistas e maternidades. Formación en psicoloxía de violencia de xénero, perinatal, prenatal, crianza e maternidade. Máis de 20 anos de experiencia en atención individual e grupal a mulleres, nenas, nenos e adolescentes en situación de violencia de xénero no ámbito familiar. Acompañamento terapéutico desde unha perspectiva sistémico-humanista en persoas con historias de trauma presentes ou pasadas na súa vida. Formadora de profesionais dos ámbitos da saúde, social, educativo e de atención a mulleres. Participación en investigacións nacionais e internacionais sobre temas de violencia de xénero, equidade e perspectiva de xénero.

CURSO INTRODUCTORIO “O ABUSO EMOCIONAL DENTRO DO ÁMBITO DA VIOLENCIA DE XÉNERO. A VIOLENCIA INVISIBLE Á VISTA”

NOME E APELIDOS ▶	
TFNO ▶	Nº DE COLEXIADO/A ▶
E-MAIL ▶	
ENDEREZO ▶	
CIDADE ▶	C.P. ▶
PROFESIÓN ▶	CENTRO DE TRABALLO ▶
DNI/NIF ▶	

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial de identificación dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal

ORGANIZA



COLABORA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Xacobeo 2021

galicia